



Confederación Intersindical Galega

AREA PÚBLICA

O Goberno Español, CCOO e UGT continúan empeorando as condicións do persoal empregado público

Na reunión da Mesa Xeral estatal queda en evidencia a falta de iniciativa de Función Pública e o compadreo sindical habitual

Na xuntanza da Mesa Xeral das Administracións Públicas que tivo lugar hoxe, 19 de decembro, asistimos ao anuncio dun acordo que non mellora en nada as nosas condicións como empregadas e empregados públicos. O Goberno do Estado Español, xunto con CCOO e UGT, tomaron ese acordo unilateral no que se recupera a posibilidade da xubilación parcial para o persoal funcionario, tal e como se recollía no TREBEP de 2012.

En realidade non hai ningunha proposta normativa por escrito e é a segunda vez neste mesmo ano que se vende unha modificación da Lei da Seguridade Social para regular esta modalidade de xubilación parcial. No mes de xullo fíxose exactamente o mesmo para o sector privado e seis meses despois aínda non se fixo nada.

Este acordo non supón ningún avance real efectivo nin a recuperación dos dereitos arrebatados. Non regula correctamente este dereito e impide a posibilidade da xubilación parcial aos 61 anos, remitíndose directamente á Lei da Seguridade Social. Tampouco recupera, naqueles sectores nos que existía, a xubilación anticipada (lembramos que o persoal funcionario de Clases Pasivas manté a xubilación anticipada aos 60 anos) nin abre a porta a estendelo a outros.

A CIG leva tempo loitando para que a xubilación parcial se regule adecuadamente, garantindo que podamos xubilarnos aos 61 anos no réxime xeral da Seguridade Social, tal como se propuxo na industria manufactureira, e que se recupere a xubilación anticipada.

Tamén rexeitamos o modelo de xubilación que quere implantar a Administración, que contempla a posibilidade de prolongar a idade de xubilación até os 72 anos de forma voluntaria, baixo o pretexto de "retención do talento" ou a eliminación da xubilación forzosa no TREBEP. Non estamos de acordo con este enfoque porque non mellora as nosas condicións laborais nin responde ás necesidades do persoal empregado público.

En canto ás condicións económicas, parece que o Goberno quere esperar a que as negociacións dos orzamentos do Estado avancen para sentarse a falar con nós sobre un acordo retributivo (previsiblemente en xaneiro de 2025). A CIG exige que estas negociacións se realicen no ámbito correspondente: a Mesa Xeral das Administracións Públicas, ou nun grupo de traballo derivado dela, no que teñan que estar as organizacións máis representativas. Non podemos permitir que as negociacións continúen fóra dos espazos legais de negociación, porque os últimos acordos asinados entre o Goberno e sindicatos como UGT, CCOO e CSIF levaron a un empobrecemento claro das nosas condicións, cunha perda de máis do 20% de poder adquisitivo nos últimos anos.

Para reverter esta situación e comezar a recuperar o poder adquisitivo, a CIG propuxo dúas medidas clave:

1. Establecer unha cláusula de garantía salarial real, ligada ao IPC e blindada por lei, para garantir que o noso poder adquisitivo se manteña.
2. Aplicar unha suba salarial do 5% para o ano 2025, como primeiro paso para a recuperación económica do persoal empregado público.

Coñece as medidas que se trasladamos a Función Pública para recuperar dereitos e salarios

<https://www.cig.gal/nova/a-cig-traslada-ao-ministerio-de-funcion-publica-as-suas-demandas-para-o-persoal-do-sector-publico.html>

Só con estas medidas podemos iniciar o camiño da recuperación das nosas condicións laborais e económicas.